

22 JUL 2026

SAÍDA

Nº 71

Vista a Resolución Reitoral de data 29 de maio de 2026 pola que se publica a Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao da Universidade de Vigo para o curso académico 2026/2027.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións de “Admisión **para cursar unha mención**” para o **alumnado titulado na Universidade de Vigo** en titulacións de grao co mesmo plan de estudos (Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria).

Tendo en conta o Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións co mesmo plan de estudos na Universidade de Vigo de data 22 de maio de 2019, os criterios de admisión aprobados pola Xunta de Goberno e de acordo co punto 1.9 da convocatoria de matrícula, esta Dirección

RESOLVE:

1. Facer pública a **listaxe definitivo** de persoas admitidas e listaxe de agarda e excluídas para cursar unha mención no grao en **Educación Infantil (ANEXO I)**.
2. Facer pública a **listaxe definitivo** de persoas admitidas e listaxe de agarda e excluídas para cursar unha mención no grao en **Educación Primaria (ANEXO II)**.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, Segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 22 de xullo de 2026

A REITORA

Por delegación R.R. 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)

A DIRECTORA



Asdo.: M^a Jesús Ayuso Manso

Listaxe definitivo de admisión:

**ANEXO I. ADMISIÓN PARA CURSAR UNHA MENCIÓN PERSOAS TITULADAS NA UVIGO
(GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL)**

APELIDOS e NOME	DNI	Universidade
-----	-----	

**ANEXO II. ADMISIÓN PARA CURSAR UNHA MENCIÓN PERSOAS TITULADAS NA UVIGO
(GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA)**

APELIDOS e NOME	DNI	Universidade
-----	-----	

OBSERVACIÓNS: NON SE PRESENTOU NINGUNHA SOLICITUDE